

CONCELLO DE ARES. ESCOLAS MUNICIPAIS DEPORTIVAS E CULTURAIS 2016-2017.

SOLICITUDE DE INSCRICIÓN: Do 15 de setembro en adiante ata completar grupos, no Pavillón Deportivo Municipal, de luns a venres, en horario de 9,30 a 12,30 horas e de 16,30 a 20,30 horas.

PAGO DE MATRÍCULA E MES DE OUTUBRO : Do 3 ao 14 de outubro, ambos inclusive nas Escolas que den comezo.

DURACIÓN DAS ESCOLAS: De outubro de 2016 a maio de 2017.

DOCUMENTOS: Formulario de inscrición. Si é a primeira vez que se inscribe nunha Escola Municipal: Fotocopia do DNI ou da páxina do libro de familia. No caso de querer domiciliar o pago cubrir formulario.

PREZO DE MATRÍCULA: 9,20 EUROS EMPADROAD@S EN ARES.
17,23 € EMPADROAD@S NOUTROS CONCELOS.

DESCONTOS E EXENCIÓNS DE COTAS:

- **3 ou máis (unidade familiar)** 50% na matrícula+50% na escola de menor importe.
- **Familia numerosa** 50% na matrícula+50% en todas as Escolas.
- **Familias carentes de recursos económicos** (previa comprobación). De balde.

Pavillón Municipal de Ares
Celso Emilio Ferreiro s/n
Telf. : 981 46 85 62
pavillonares@gmail.com

NORMAS DE FUNCIONAMENTO. CURSO 2016-2017.

Todas as cuestións relacionadas co funcionamento das Escolas (recomendacións, queixas...) tramitaranse directamente co responsable Técnico Municipal da área correspondente.

Procurarase garantir ao máximo a asistencia, comunicando sempre ao monito@r calquera falta prevista.

Os usuarios/as do Ximnasio Municipal disporán dun carné que permitirá o acceso á sala, e que se presentará na conserxería do Pavillón antes do acceso ao recinto.

O abono das mensualidades efectuarase por calquera das seguintes canles: domiciliación bancaria (os recibos emitiranse entre o 5 e o 10 de cada mes), por transferencia bancaria na conta de ABANCA ES75 2080 0211 6131 1000 0055, ou por pago no Pavillón Deportivo Municipal, mensualmente, por adiantado entre o 25 e o 30 do mes anterior. As persoas que non renoven o seu pagamento no prazo disposto causarán baixa de forma automática na Escola. Do mesmo xeito, ante a decisión de baixa nunha escola haberá que comunicalo no Pavillón Deportivo Municipal antes do día 25 do mes en curso, para evitar problemas co xestión dos pagamentos. Por esa razón, as devolucións dos recibos supoñen un custe que será aboado polo usuari@ que o xenerara.

Aqueles usuari@s que manteñan algún tipo de débeda no pago dalgunha escola do curso anterior, deberán efectuar o seu pago. O incumprimento desta norma anula o dereito a inscrición na presente edición.

As escolas interrompirán o seu funcionamento nos períodos de vacacións escolares así como nas datas sinaladas no calendario como festivas.

É responsabilidade de cada usuari@ a aptitude física necesaria para participar nas actividades convocadas, polo que o Concello de Ares non se fará cargo de ningún dano físico ou moral que poida derivarse da participación nas mesmas.

O Concello resérvase o dereito de anular unha actividade por non ter o número suficiente de participantes (estímase en 12 o número de mínimo de inscrit@s para que dea comezo unha Escola e para que poida darse a mesma) e de facer todas as modificacións que estime oportunas, para o bo funcionamento das Escolas.

Para máis información e inscricións pasarse polas dependencias administrativas do Pavillón Deportivo Municipal de Ares. Ou contactar a través do correo electrónico: pavillonares@gmail.com



CONCELLO
DE ARES

ESCOLAS MUNICIPAIS CULTURAIS E DEPORTIVAS CONCELLO DE ARES 2016/17



Deputación
DA CORUÑA

MÓVETE.....

ESCOLAS CULTURAIS 2016-2017

INICIACIÓN MUSICAL (+4 ANOS)

Martes de 16:00-17:00h.

Xoves de 17:00-18:00H

Aula de Cultura

Menores 11,39€ - Adultos 18,77€

DEBUXO E PINTURA (ADULTOS)

Mércores de 16:30-19:30 h

Escolas do Lago

Adultos: 21,36 €

INGLÉS PERFECCIONAMENTO

Martes e Xoves 19:30-20:30 h

Aula de Cultura

Taxa: 18,77 €

INGLÉS AVANZADO

Martes e Xoves de 20:30-21:30 h

Aula de Cultura

Taxa: 18,77 €

ENCUADERNACIÓN (+18 ANOS)

Martes de 16:00 a 19:00 h

Escolas do Lago

Aportación material: 7 €

GAITA E PERCUSIÓN (TÓDALAS IDADES)

Banda de Gaitas Ría de Ares

Luns- Mércores – Venres de

19:00-21:00 h.

Grupo de Gaitas Aresán

Martes e Xoves de 19:00-21:00h.

Escolas do Lago / De balde

CURSOS DE INFORMÁTICA (TÓDALAS IDADES)

Cursos dous días a semana (1,5h o día)

Obradoiros (10h de balde)

+info na Casa da Xuventude (Aula CeMIT)

Infantil: 14,24 € - Adultos: 21,36 €

ESCOLAS DEPORTIVAS 2016-2017

PILATES (+14 ANOS)

Martes e Xoves de 9:30 a 10:30 h

Martes e Xoves de 20:00 a 21:00 e 21:00 a 22:00 h

S.U. Múltiples Pavillón / Taxa: 18,77€

ZUMBARES (+14 ANOS)

Mércores e Venres de 9:30 a 10:30

S.U. Múltiples Pavillón / Taxa: 18,77 €

IOGA (+14 ANOS)

Luns e Mércores de 11:00 a 12:30 h

S.U. Múltiples Pavillón / Taxa: 21,36 €

XIMNASIA CERVÁS (+16 ANOS)

Martes e Xoves 17:30 a 18:30 h

C.I.R.S Cervás / Taxa: 17,09 €

XIMNASIA CAAMOUÇO (+16 ANOS)

Martes e Xoves de 19:30 a 20:30 h

Agrupación Instructiva Caamouco / Taxa: 17, 09 €

FITNESS (+14 ANOS)

Luns, Mércores e Venres 20:00 21:00

Luns, Mércores e Venres 21:00 a 22:00

S.U.Múltiples Pavillón / Taxa: 21,36 €

ADESTRAMENTO FUNCIONAL

Martes e xoves de 19 a 20h

S.U.Múltiples Pavillón / Taxa: 18,77 €

TENIS (+6 ANOS)

Mércores de 18:30 a 20:30 h

Pavillón Deportivo / Taxa: 11,39 €

BAILE MODERNO INFANTIL / XUVENIL ADULTOS

4-7 anos: Luns 16:30 a 18:30 h

7-10 anos: Martes 16:30 a 18:30 h.

10-12 anos: Mércores 16:30 a 18:30 h.

12-15: Xoves 16:30 a 18:30 h.

+15 anos Sábados 10:00 a 13:00

S.U.Múltiples Pavillón / Taxa: 11,39 € e 14,24€

ESC. CONV. RÍTMICA ESQUÍO (+4 ANOS)

Mércores e Venres de 16,30 a 18,30h

Pavillón Deportivo / Taxa: 11.39 €

ESCOLA CONV. FÚTBOL-7/NUMANCIA DE ARES ADR.

Biberóns 4-5 anos: Martes e Xoves de 17:30 a 18:30 h.

Resto de categorías información club 981448121 ou

www.numanciadeares.es.

Pavillón Deportivo/ C.M de Prados Vello

Pagos no club Numancia de Ares SDR

ESC. CONV. TENIS DE MESA S. XOAN

CONCELLO DE ARES

Martes e xoves:

18,30 a 19,30 Primaria.

19,30 a 20,30 Secundaria

20,30 a 22h. ADULTOS.

Pavillón Deportivo / Menores: 11,39 € - Adultos: 21,36 €

MINIBALONCESTO (6 A 16 ANOS)

Martes, Xoves e Venres de 16:30 a 17:30 h

Pavillón Deportivo / Taxa: 14,24 €

ES. CONV.VOLEIBOL CM (+9 ANOS)

Sábados de 11 a 13h.

Pavillón Deportivo / Taxa: 11,39 €

CAPOEIRA (DE 6 A 11 E DE +12 ANOS)

De 6 a 11:anos: Luns e Mércores de 18,30 a 19,30h

Sala U. Múltiples. Taxa: 11,39€

De 12 en diante: Xoves de 18,30 a 20h

Pavillón Deportivo. Taxa: 8,54 € .

VELA (+10 ANOS) T.D.V E PADELSURF

Sábados e Domingos de 10:30 a 13:30h

Naútico de Ares—WZNorte

Menores: 14, 24 € - Adultos: 21, 36 €

SPINNING (+16 ANOS)

Luns, mércores e venres de 9:30 a 10: 15h.

De luns a venres de 20:30 a 21:15 h

Sala Spinning Pavillón

Según horas / semana

XIMNASIO (+16 ANOS)

Luns a venres de 9:30 a 12:30 h de 16:00 a 22:00 h.

Sábados de 10:30 a 12:30 h e de 16:30 a 19:30 h

Sala Ximnasio do Pavillón

Taxa: 12 € Sen matrícula



@ConcellodeAres



Concello de Ares / Ayuntamiento de Ares



<http://www.concellodeares.com>